



PROPOSTA PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO DO I.E.S. DE RODEIRA

A. PRINCIPIOS, VALORES E SINAIS E IDENTIDADE

Os Principios, valores e sinais de identidade da actividade educativa do IES de Rodeira enfocados ao desenvolvemento pleno da personalidade do alumnado concréntanse en:

1. Fomentar o emprego da lingua galega en todos os contextos comunicativos, entre toda a comunidade educativa e en calquera ámbito ou situación de uso, especialmente a través do tratamento integrado de linguas (TIL).
2. Crear conciencia lingüística en galego e garantir a competencia lingüística en lingua galega, castelá e unha lingua estranxeira, promovendo a competencia nunha segunda lingua estranxeira atendendo á diversidade lingüística de Europa.
3. Garantir unha escola inclusiva mediante o emprego do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA) e asegurar a igualdade de oportunidades e o máximo desenvolvemento de capacidades e competencias.
4. Fomentar o respecto aos dereitos humanos e á tolerancia para inserir ao alumnado na vida social e cultural, e converterse en referente ético primordial como valor da dignidade humana.
5. Crear un espazo real de igualdade entre homes e mulleres e atender á diversidade afectivo-sexual.
6. Promover unha escola participativa e democrática creando ambientes de convivencia educativa que fomenten e reforcen o benestar emocional do alumnado e do profesorado, formando un sentimento de pertenza ao centro educativo.
7. Inculcar a tolerancia e o respecto á liberdade dos demais na súa forma de pensar, de actuar ou nas súas opinións así como o respecto á diversidade lingüística.
8. Promover o exercicio dunha cidadanía crítica e responsable así como a participación do alumnado e as familias en todas as actividades que se leven a cabo para inculcar o sentimento de pertenza e de comunidade.
9. Desenvolver a responsabilidade individual e o esforzo persoal como traballo conxunto das familias e do profesorado así como consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo que promovan o pensamento crítico, a creatividade e as actividades físicas, deportivas e artísticas.
10. Fomentar a conciencia ecolóxica, o respecto e coidado pola natureza.





B. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

Para a consecución dos obxectivos anteriores, o IES de Rodeira establece as seguintes prioridades de actuación:

1. Fomentar o uso do galego en todas as situacións comunicativas e nas redes sociais, e divulgar as tradicións locais para poñer en valor os nosos sinais de identidade.
2. Empregar estratexias de ensino que favorezan a adquisición das competencias lingüísticas básicas
3. Crear espazos accesibles, fomentar materiais equitativos e as titorías entre iguais que permitan a práctica de distintos métodos pedagóxicos orientados a que o alumnado recoñeza, regule e exprese as súas emocións.
4. Potenciar a resolución pacífica de conflitos, especialmente a través do traballo cooperativo.
5. Dinamizar as xuntas de delegados, de grupo e titores, ANPA, familias e comisións xurdidas no seo do Consello Escolar.
6. Incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal nos contidos, recursos, dinámicas de aula e nas diferentes actuacións do centro.
7. Promocionar os nosos estudos de Formación Profesional na comarca do Morrazo e potenciar a orientación académica e profesional particularmente nas etapas de ESA e FP.
8. Afianzar os programas internacionais de mobilidade educativa e a cooperación entre organismos e institucións para potenciar o plurilingüismo e as segundas linguas estranxeiras e así fomentar experiencias de aprendizaxe nas que se valore a diversidade e se promova o respecto e a tolerancia en todas as materias.
9. Motivar o alumando a participar na mellora da súa contorna a través de iniciativas que vaian máis alá do centro e impliquen a outras institucións e asociacións do territorio dentro do programa na liña da aprendizaxe-servizo solidario (APS).
10. Desenvolver através do plan de acción tutorial actividades complementarias para todos os membros da comunidade educativa.
11. Incorporar na práctica docente e nas actuacións do centro criterios relacionados co coidado do medioambiente.
12. Impulsar actuacións que reforcen e coiden o benestar emocional de alumnado e profesorado.

